

## ***BASES DO CONCURSO FOTOGRÁFICO DO DIA DO PAI 2016***

A Asociación de comerciantes da Estrada (en diante ACOE), realizará unha pequena campaña dirixida a tódolos comercios asociados e clientes da ACOE.

### **PRIMEIRA.- OBXECTIVO DO SORTEO**

O obxectivo é promocionar a compra nos comercios asociados a ACOE do noso concello e aumentar e mellorar o grado de fidelización.

A Asociación de Comerciantes de A Estrada porá en marcha unha campaña a través de Facebook e Twitter de promoción comercial nun evento co nome **Concurso DIA DO PAI 2016 da ACOE**, que pretende transmitir aos consumidores un atractivo promocional que incentive a realización das compras nos establecementos asociados á ACOE.

Esta campaña que se desenvolverá do 15 o 21 de Marzo de 2016 as 17 horas, terá un proceso de participación sinxelo e divertido para os clientes-consumidores.

Os participantes teñen que publicar fotos en calquera das redes sociais Facebook ou Twitter co hashtag #AcoeSelfiePapi na que se vexa o bonito da relación entre un fillo/a e un pai. Non se admiten fotos publicadas con datas anteriores á fecha do dito concurso.

Haberá dous gañadores, a foto que máis Me Gusta teña en **Facebook** e a foto que máis Me Gusta teña en **Twitter**. Os Premios son os seguintes:

- Gañadores terán un premio de 50 €.
- Os gañadores tamén levarán 500 puntos na súa tarxeta de fidelización aestradaPlus.
- Os gañadores tamén levarán a súa foto gañadora impresa.
- Tódolos concursantes terán un premio de 50 puntos na tarxeta de fidelización AestradaPlus solo por participar.

A elección do gañador será da seguinte maneira: Escolleranse a fotografía que teña máis “me gusta” en Facebook e do mesmo xeito en Twitter.

## **SEGUNDA.- PUBLICACIÓN DO GANADOR E COMUNICACIÓN DO PREMIO**

O gañador do concurso será avisado por vía telefónica con antelación a publicación do mesmo nos medios.

A ACOE comunicará os nome do agraciado do concurso o día 21 de Marzo de 2016 a través da páxina web, Facebook, radio e prensa sempre e cando poida comunicarllo primeiramente o gañador.

## **TERCEIRA.- ENTREGA DOS PREMIOS**

A entrega do premio será na oficina da acoe.(Por confirmar)

## **CUARTA.- PARTICIPACION**

A participación neste sorteo implica a aceptación sen reservas destas bases e as decisións da ACOE en canto á resolución de calquera cuestión derivada do presente concurso.

O participante acepta a cesión dos dereitos de imaxe e do material que nos envíe para o concurso e o dereito a borrar comentarios ou publicacións.

As fotografías serán filtradas para evitar posibles ofensas ou problemas.

Para que o concurso se leve a cabo terá que haber en cada rede social un mínimo de 3 fotos publicadas co hashtag #AcoePapiSelfie

Calquera problema que apareza na decisión final do gañador, a directiva da ACOE terá a decisión final para outorgar o gañador.

Queda completamente exonerado Facebook de toda responsabilidade por parte de cada concursante ou participante.

Queda completamente exonerado Twitter de toda responsabilidade por parte de cada concursante ou participante.

O concurso non está patrocinado, avalado, administrado nin asociado en modo algún a Facebook nin a Twitter.

O participante proporciona información a ACOE e non a Facebook.

## **QUINTA.- CESION DO PREMIO**

O premio do presente concurso, en ningún caso poderá ser obxecto de cambio, alteración ou compensación a petición do gañador. A ACOE, resérvase o dereito a modificar os premios, por outro de igual ou superior valor promocional de consideralo necesario, comprometéndose, en todo caso a publicar a información a través da súa páxina web [www.acoe.es](http://www.acoe.es)

## **SEXTA.- VERACIDAD DOS DATOS**

Os datos facilitados polos participantes deberán ser veraces. No caso de que estes fosen falsos, os premios que lles correspondan serán atribuídos á ACOE para posteriores concursos.

## **SETIMA.- RECLAMACIONES**

Non existe prazo de reclamacións.

## **OITAVA.- MODIFICACION DE BASES E SUSPENSION DO SORTEO**

A ACOE, resérvase o dereito a suspender, aprazar ou cancelar o presente sorteo e premios da campaña, en calquera momento, sempre que existan causas que así o xustifiquen, así como a modificar as presentes bases, comprometéndose a comunicar as novas bases, condicións, suspensión, aprazamento ou cancelación, no seu caso.

## **NOVENA.- RESPONSABILIDADES ALLEAS**

En ningún caso a ACOE será responsable dos servizos que calquera outra entidade coa que esta colabore, preste ao agraciado como consecuencia do premio entregado. A responsabilidade da ACOE queda limitada, en exclusiva, á publicación do resultado do sorteo segundo atópase contemplada nestas bases e á entrega do premio á persoa agraciada co mesmo; fóra do anterior, a ACOE non responderá fronte a calquera tipo de reclamacións que se puidesen formular directa ou indirectamente relacionadas co concurso, a condición de agraciado ou a retirada do premio no punto designado nestas bases para a súa entrega.

## **DECIMA.- DEPÓSITO**

As presentes bases aparecerán recollidas e dispoñibles ao público na páxina Web da ACOE [www.acoe.es](http://www.acoe.es)

## **DECIMOPRIMEIRA.- XURISDICCION**

Para o coñecemento de calquera litixio que puidese suscitarse en canto á interpretación ou aplicación das presentes Bases, tanto a ACOE como os participantes no presente sorteo, sométense expresamente á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais da Estrada, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidese corresponderlles.

## **DECIMOSEGUNDA.- DEREITOS DE IMAXE**

Ós efectos previstos en la Ley Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de Protección Civil del Dereito ó Honor, Intimidade Persoal y Familiar y a la propia Imaxe, establecece que la aceptación do premio polos gañadores, implica o otorgamento expreso da autorización prevista no artigo 2ª a ACOE para utilizar seu nome y apellidos, así como súa imaxe, en calquera actividade pública ou de difusión relacionada coa presente promoción, sen que por iso teña dereito a remuneración ou obtención de beneficio algún diferente da entrega do premio. A negativa implicará a renuncia automática do premio.

## **DECIMOTERCEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

De conformidade coa la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, o usuario que participa no concurso queda informado e autoriza o rexistro dos datos persoais que facilite en un ficheiro o cal responsable é Asociación de Comerciantes da Estrada coa finalidade da xestión do concurso conforme ós tratamentos dos datos persoais informados en estas bases. Os participantes do concurso autorizan a ACOE a utilizar seus datos persoais con fins exclusivamente comerciais, podendo incorporar ditos datos a un ficheiro automatizado e do cal será responsable para comunicarse co usuario no futuro.

## **DECIMOCUARTA.- ACEPTACIÓN DAS BASES**

A simple participación implica a aceptación das presentes Bases, polo que a manifestación no sentido de non aceptación da totalidade ou parte das mesmas implicará a exclusión do participante e como consecuencia disto, ACOE quedará liberada do cumprimento da obrigaón contraída con dito participante.